

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2021/32	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	23 de setembro de 2021
Duración	Dende as 12:15 ata as 12:35 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Mónica González Conde
Secretario	Maria Fernanda Montero Parapar

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesús Taboada Lázara	SÍ
Excusas de asistencia presentadas:		
52481441H	Manuel Cuiña Fernández	NO

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 16.09.2021	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 16 de	

setembro de 2021.

EXPEDIENTE 1304/2021. SUBVENCIONS POR CONCORRENCIA COMPETITIVA. BECAS MUNICIPAIS PARA ESTUDANTES UNIVERSITARIOS E ESTUDANTES DE CICLOS FORMATIVOS DURANTE O CURSO ESCOLAR 2021-2022

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 15/07/2021.

Vista a Providencia de inicio do procedemento con data 16/07/2021 .

Vistas as bases polas que se regulan as becas municipais para estudantes universitarios e estudantes de ciclos formativos durante o curso escolar 2021-2022.

Visto o informe emitido pola Secretaría municipal con data 21/07/2021 en relación coa lexislación de aplicación e procedemento a seguir aos efectos de proceder á convocatoria e concesión das subvencións de referencia.

Vista a Proposta ao Pleno, con data 21/07/2021.

Vista a publicación do anuncio no BOP número 152, con data 10/08/2021.

Visto que o anuncio estivo exposto polo prazo previsto, non habéndose presentado alegación algunha.

Visto o informe de Intervención número 056/2021

De acordo co establecido no artigo 20 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia;

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedimientode concurrencia competitiva en materia de educación, co texto que figura no Anexo da presente proposta de acordo.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe de 17.500 euros do orzamento municipal a cargo da aplicación orzamentaria 326-48 (ampliable a 20.000 euros no caso de que non se esgote a partida).

TERCEIRO.- Rexistrar a información a incluír an BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria, do seu extracto e dos seus datos estruturados.

ANEXO

BASES POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE BECAS MUNICIPAIS PARA ESTUDANTES UNIVERSITARIOS E ESTUDANTES DE CICLOS FORMATIVOS DURANTE O CURSO ESCOLAR 2021-2022

O Concello de Silleda coñecedor da realidade actual de moitas familias do municipio e consciente da necesidade de garantir a igualdade de acceso ás ensinanzas universitarias, independentemente do lugar onde se resida e co ánimo de minorar o impacto que tales gastos supoñen na economía doméstica, establece as presentes bases que regulan a concesión de becas municipais para estudantes universitarios e de ciclos formativos que cursen estudos oficiais nalgún dos Campus e/ou Institucións da nosa Comunidade Autónoma, fóra do noso municipio.

PRIMEIRA:- Obxecto.

O obxecto das presentes Bases é a concesión de axudas para reducir os gastos dos alumnos e alumnas empadroados/as, polo menos un ano antes da publicación destas bases, no Concello de Silleda que cursen estudos universitarios ou ciclos formativos oficiais na nosa Comunidade Autónoma, fóra do noso municipio.

SEGUNDA: - Natureza e réxime das axudas.

1.—Estas axudas teñen a natureza de subvención de acordo co recollido no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións

2.—Dado o obxecto e finalidade destas axudas o procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, para todo o mundo que cumpra as condicións, segundo orde de entrada e ata esgotar crédito.

3.—A presente convocatoria rexerese, con carácter xeral, polo disposto nas bases reguladoras, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia(en adiante LSG) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (en diante RLSG) e nas Bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2020

e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

4.—A xestión destas subvencións suxeitarase aos principio de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

TERCEIRA: Crédito orzamentario.

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria, reservarase un crédito na aplicación

orxamentaria 326-48 cunha contía máxima de 17.500 euros, este importe poderá verse incrementado ata un máximo de 20.000 euros no caso de que non se esgote a antedita partida dos vixentes orxamentos do Concello de Silleda.

CUARTA.- Importe da axuda.

O importe máximo da subvención por beneficiario será de 450€. Os importes calcularanse, para cada beneficiario, de xeito proporcional á renda calculada de acordo coa base quinta.

QUINTA.- Beneficiarios/as das axudas.

Serán beneficiarios/as aquelas persoas que cumpran os requisitos seguintes:

- 1.- Estudantes residentes e empadroados/as no municipio de Silleda, polo menos un ano antes da publicación destas bases.
2. Estar matriculado/a ou ter reserva de matrícula para o curso académico 2021-2022 nas seguintes ensinanzas nun centro da nosa Comunidade Autónoma, e fóra do municipio de Silleda (sempre e cando as ensinanzas que se cursen non se impartan en centros do noso municipio):
 - a. Ensinanzas universitarias (quedan excluídos os estudos de máster, posgrado e doutoramento)
 - b. Formación profesional (grao medio ou superior)
 - c. Ensinanzas artísticas superiores
 - d. Bacharelato

Non poderán optar a estas axudas aquelas persoas que estuden fóra da nosa Comunidade Autónoma, aínda sendo dentro dun programa de colaboración con algún centro educativo galego.

3. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude até a data do pago da subvención, no seu caso.

Non ter débeda algunha pendente co Concello de Silleda. Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude até a data do pago da subvención, no seu caso.

4.- Renda Familiar

Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros. Para a determinación da renda per cápita familiar terase en conta o disposto no punto seguinte.

Cálculo da renda familiar. Obterase por agregación das rendas de cada un dos membros da unidade familiar que obtiveran ingresos de calquera natureza de conformidade coa normativa que regula o imposto sobre a renda das persoas físicas. Membros computables da unidade familiar:

1.A/O solicitante.

2.Os proxenitores (nai/pai, titor/a)

3.Os irmáns solteiros e menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2020 ou de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade.

4.Os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.

5.En caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co solicitante, salvo no caso de custodia compartida. Terá tamén a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, así as súas rendas incluíranse no cómputo da renda familiar.

Os membros da unidade familiar que presentaran declaración do imposto sobre a renda de 2020, a efectos de cálculo da renda per cápita familiar sumaranse a base imponible xeral e base imponible de aforro e o resultado dividirase entre os membros da unidade familiar

No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar.

SEXTA.- Solicitudes e prazo de presentación.

As solicitudes dirixíranse ó Alcalde do Concello e presentaranse no Rexistro Xeral Municipal en horario de 9:00 a 14:00 ou no rexistro electrónico do Concello de Silleda, de conformidade co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en impreso normalizado de solicitude (ANEXO I) que estará dispoñible na sede electrónica <https://silleda.sedelectronica.gal> e na páxina web do concello, www.silleda.gal. Serán rexeitadas as solicitudes que non se presenten en ditos modelos.

O procedemento entenderase iniciado de oficio no momento no que polo órgano competente, que neste caso, e de acordo co artigo 21.1, é o Alcalde do Concello, e por delegación a Xunta de Goberno Local, se aprobe a convocatoria da presente subvención.

O prazo de presentación das solicitudes será de 15 días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria que se aprobe en aplicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra.

De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, remitirase á

Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra.

De existir algún defecto na solicitude ou documentos adxuntos, seralle notificado ó interesado para que nun prazo de 10 días hábiles emende o defecto ou achegue os

documentos preceptivos, coa advertencia de que en caso de non facelo así considerarase desistido na súa petición, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SÉTIMA.- Documentación a entregar.

Os/As solicitantes deben presentar a súa instancia segundo modelo normalizado (anexo 1), á cal deberán achegar cos seguintes documentos:

1º.- Fotocopia do DNI do solicitante.

2º.- Fotocopia da matrícula do curso escolar en curso ou na súa falta certificado acreditativo expedido pola secretaría do centro.

Tratándose de alumnos/as que van matricularse trala convocatoria de setembro, bastará con que acompañen declaración xurada da súa intención de matricularse, debidamente subscribida polo alumno/a ou o seu/súa representante legal, sendo necesario que antes do día 15 de decembro presenten fotocopia do resgardo da matrícula. En caso de non remitir o documento antes da referida data considerarase que o/a interesado/a desiste da súa solicitude.

3º.- Copia da renda familiar correspondente ao exercicio 2020.

4º.- No caso de non ter presentada a declaración da renda 2020, xustificante dos ingresos netos (nóminas, certificado de empresa, certificado de pensións,...) dos membros computables da unidade familiar

5º.- Certificación bancaria da conta corrente, na que apareza como titular a/o solicitante da axuda ou, no seu caso, do/a titor/a legal do/a mesmo/a.

6º.- Volante de convivencia, da/o solicitante.

7º.- Anexo II

OCTAVA.- Procedemento e instrución para a concesión das axudas.

1.- O procedemento para a concesión das axudas ao transporte universitario para o curso escolar 2020-2021, rexerase polo disposto nas presentes bases e no que non estea previsto nestas estarase ao disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo RD 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da referida Lei, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de

Galicia así como pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normativa vixente de xeral aplicación. A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS.

2.- A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, establecéndose como criterio de valoración a renda.

3.- A instrución do procedemento dependerá da Concellería de Educación, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Nomearase unha Comisión de Valoración formada por un Presidente, un Secretario con voz pero sen voto e dous vocais. Esta Comisión de Valoración emitirá informe sobre as mesmas. En base a dito informe o Servizo instrutor formulará a proposta que, previo informe de Intervención, se someterán á aprobación pola Xunta de Goberno.

4.- A proposta será remitida á Intervención para súa fiscalización, que se realizará de Acordo co establecido nos apartados 18.1.A e 18.1.B da Resolución de 2 de xuño de 2008, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 30 de maio de 2008, polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos.

O control sobre o cumprimento de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social se realizará sobre a declaración responsable.

NOVENA.- Resolución e notificación.

O acordo de resolución corresponderá á Xunta de Goberno Local. Non se terán en conta outros feitos e alegacións que os presentados polos interesados, polo que dito acordo será definitivo.

O prazo máximo para resolver será antes do 31 de decembro do presente ano, aprobado pola Xunta de Goberno Local.

O acordo de resolución será publicado no taboleiro do Concello e na páxina web. Transcorrido o prazo sen que recaia resolución, entenderase desestimada a solicitude de concesión de axuda, nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

DÉCIMA.- Obrigas dos beneficiarios.

1.- Destinar a subvencións aos fins para os que foi concedida

2.- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.

3.- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei

Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

4.- Cumprir as restantes obrigacións que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

UNDÉCIMA.-Xustificación.

Esta subvención se considera subvención concedida en atención a determinadas circunstancias no perceptor de acordo co artigo 30.7 da Lei Xeral de Subvencións, non sendo precisas xustificacións adicionais as que constan na base sexta, sen prexuízo dos controles que no seu caso se realicen.

DUODÉCIMA.- Pago e garantías.

O pago destas subvencións realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

DÉCIMO TERCEIRA.- Reintegro.

O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexerese polo disposto no título II da LGS e polo título III do RLGS.

DÉCIMO CUARTA.- Tratamento de datos de carácter persoal.

Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade: En cumprimento da *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)* e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do **Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPDP)**, relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPDP, informámoslle que os datos recadados, e que Vde.. nos facilite e achegue a esta solicitude, serán incorporados a un **Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Servizos do Concello de Silleda.**

Lexitimación para o tratamento dos datos: As bases legais para o tratamento dos seus datos serán as contempladas no art. 6 da LOPDGDD, e estarán fundamentadas no **consentimento que vostede concede** ou no do seu representado ca cumprimentación da solicitude como solicitante da subvención ou axuda na que está interesado, podendo tamén selo o cumprimento dunha obrigación legal aplicable a este responsable ou a de protexer os intereses vitais do interesado ou de outra persoa física.

Cesión de datos: A solicitude, así como os documentos achegados, poderán ser cedidos ou consultados ante aquelas Administracións Pública ou ante outros Organismos competentes en materia de subvencións e axudas solicitadas, e polo que,

Vostede AUTORIZA e está sendo informado, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á comprobación telemática por parte deste responsable con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas o cumprimento dos requisitos requiridos.

Pode consultar políticas de privacidade ou exercicio dos dereitos en <https://silleda.sedelectronica.gal/privacy.1>, en canto a **obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste**, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos pode presentar reclamacións ante a **Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>**, para tramitar os seus dereitos poderá exercelos presentando escrito no Rexistro Xeral deste Concello en **Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540)**

Pontevedra ou por vía mail a: info@silleda.gal ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique e/ou do seu representado.

Silleda, na data da sinatura electrónica
Ángela María Troitiño Gil
Concelleira de Educación

SOLICITUDE DE AXUDAS PARA TRANSPORTE UNIVERSITARIO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA CURSO 2021-2022

DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome e apelidos _____ DNI _____

Enderezo _____

NºTeléfono/correo-e _____ / _____

Curso _____

Centro _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Renda da unidade familiar 2020
- No caso de non presentar a declaración da renda 2020, xustificante dos ingresos netos das persoas que forman a unidade familiar (nóminas, certificado de empresa, certificado de pensións...)
- Certificación bancaria da conta corrente, na que será titular a/o beneficiaria/o da axuda ou, no

seu caso, do titor legal do mesmo.

- Copia matrícula do curso escolar 2021/22 ou na súa falta certificado acreditativo da matrícula
- Copia do DNI do solicitante
- Volante de convivencia

Silleda a de..... de 2021

ANEXO II

Nome e apelidos _____ DNI _____ e
domicilio en _____

DECLARA

O/a abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade:

- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigacións das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que os membros da miña unidade familiar (de acordo cos membros computables tidos en conta para estas axudas):

Nome e apelidos	Parentesco	Idade

Silleda, a _____ de _____ de 2021

Sinatura

Expediente 1311/2021. SUBVENCIONS POR CONCORRENCIA COMPETITIVA. AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2021-2022

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 16/07 /2021.

Vista a Providencia de inicio do procedemento con data 16/07/2021 .

Vistas as bases polas que se regulan as becas municipais para estudantes universitarios e estudantes de ciclos formativos durante o curso escolar 2021-2022.

Visto o informe emitido pola Secretaría municipal con data 20/07/2021 en relación coa lexislación de aplicación e procedemento a seguir aos efectos de proceder á convocatoria e concesión das subvencións de referencia.

Vista a Proposta ao Pleno, con data 21/07/2021.

Vista a publicación do anuncio no BOP número 152, con data 10/08/2021.

Visto que o anuncio estivo exposto polo prazo previsto, non habéndose presentado alegación algunha.

Visto o informe de Intervención número 057/2021

De acordo co establecido no artigo 20 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia;

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedimientto de concurrencia competitiva en materia de educación, co texto que figura no Anexo da presente proposta de acordo.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por importe de 2.500 euros do orzamento municipal a cargo da aplicación orzamentaria 326-48 (ampliable a 20.000 euros no caso de que non se esgote a partida).

TERCEIRO.- Rexistrar a información a incluír an BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria, do seu extracto e dos seus datos estruturados.

ANEXO

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS, QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑÁN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2021-2022

1.- OBXECTO, NATUREZA E RÉXIME DAS AXUDAS

Constitúe o obxecto das presentes bases, regular as axudas do Concello de Silleda destinadas a completar o 100% do gasto de adquisición de libros de texto e material escolar de educación primaria e educación secundaria obrigatoria en centros públicos, no curso escolar 2020-2021, para as familias que precisan dunha protección especial así como as que teñan a todos os seus membros en desemprego.

Estas axudas teñen a natureza de subvención de acordo co recollido no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións

Dado o obxecto e finalidade destas axudas o procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

A presente convocatoria rexerase, con carácter xeral, polo disposto nas bases reguladoras, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia(en adiante LSG) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (en diante RLSG) e nas Bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2020 e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

A xestión destas subvencións suxeitarase aos principio de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

2.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Libros de texto e material escolar, fixado polo centro educativo, para o alumnado de centros educativos matriculados en educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

3.- DESTINATARIOS

Unidades familiares con todos os seus membros en situación de desemprego e familias que precisen de protección especial, segundo a Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia en Galicia, escolarizados en centros de ensino do termo municipal de Silleda, que vaian cursar estudos de ensinanza primaria ou secundaria obrigatoria, no curso 2021-2022.

4.- BENEFICIARIOS/AS DAS AXUDAS

Serán beneficiarios/as aquelas persoas que cumpran algúns dos requisitos seguintes:

a) Familias que precisen de protección especial, segundo a Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia en Galicia (numerosas, monoparentais, con persoas maiores a cargo, con persoas con discapacidade a cargo, familias acolledoras, familias en situación de especial vulnerabilidade económica e familias vítimas de violencia de xénero).

b) Familias con todos os seus membros en situación de desemprego no momento de realizar a solicitude.

Para ser beneficiario/a destas axudas a renda per cápita familiar debe ser igual ou inferior a 300 €.

Cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser pai, nai, titor/a legal ou familia acolledora do alumno/a matriculado/a en educación primaria, ou en educación secundaria obrigatoria.

2. Estar empadroado/a e residir de xeito efectivo no Concello de Silleda e convivir cos menores para os/as que solicita a axuda.

3. Que o/a alumno/a para quen se solicita a axuda teña a matrícula nalgún centro escolar público do Concello de Silleda, durante o curso escolar 2021-2022.

Ter concedida a axuda de acordo coa Orde do 6 de maio de 2021 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2021/2022.

4. Ter presentada declaración da renda do exercicio 2020, no caso de non estar obrigado a presentación, certificado expedido pola axencia tributaria de que non consta presentada a declaración do IRPF para o ano 2020.

5.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes dirixiranse ó Alcalde do Concello e presentaranse no Rexistro Xeral Municipal en horario de 9:00 a 14:00 ou no rexistro electrónico do Concello de Silleda, de conformidade co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo.

Común das Administracións Públicas, en impreso normalizado de solicitude (ANEXO I) que estará dispoñible na sede electrónica <https://silleda.sedelectronica.gal> e na páxina web do concello www.silleda.gal. Serán rexeitadas as solicitudes que non se presenten en ditos modelos.

O procedemento entenderase iniciado de oficio no momento no que polo órgano competente,

que neste caso, e de acordo co artigo 21.1, é o Alcalde do Concello, e por delegación a Xunta de Goberno Local, se aprobe a convocatoria da presente subvención.

O prazo de presentación das solicitudes será de 15 días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria que se aprobe en aplicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra.

De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra.

De existir algún defecto na solicitude ou documentos adxuntos, seralle notificado ó interesado para que nun prazo de 10 días hábiles emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que en caso de non facelo así considerarase desistido na súa petición, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.- CONTÍA DAS AXUDAS

As achegas concederanse por alumno/a para complementar a diferenza da axuda concedida pola Xunta de Galicia, ao abeiro da ORDE do 6 de maio de 2021 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2021/22.

Terán preferencia na concesión destas axudas locais, as solicitudes coas rendas per cápita mais baixas, atendéndose ata o total máximo da dispoñibilidade de crédito orzamentario.

Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2020 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

Enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir entre 12 a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

Membros computables da unidade familiar

Para os efectos desta orde terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- a) Os/As pais/nais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o/a titor/a ou titor/as, ou persoas acoledoras do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade con diversidade de calquera índole ou incapacitados/as xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) Os/as proxenitores/as separados legalmente ou divorciados/as con custodia compartida que forman unha unidade familiar cos/as fillos/as que teñen en común.
- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a.

2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

3. Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no punto anterior desta convocatoria, achegarase un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar

6.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

a) As persoas que desexen optar ás axudas deberán presentar as solicitudes segundo o Anexo

I. As instancias poderán obterse nas oficinas do Rexistro Xeral do Concello de Silleda ou tamén descargarse do sitio web do concello no enderezo electrónico www.silleda.es ou da súa sede electrónica <https://silleda.sedelectronica.gal>.

b) Xunto coa solicitude presentarase a seguinte documentación:

1. -Copia do vale concedido pola Xunta de Galicia
- 2.- Copia do libro de familia.
3. Volante de convivencia.

4.- Copia da renda familiar correspondente ao exercicio 2020. No caso de non ter presentada a declaración, acreditación dos ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar.

5.- Copia do DNI do solicitante.

6.- Documentación acreditativa da situación de familia que mereza protección especial.

De ser o caso:

7.- Copia da demanda de emprego en vigor.

8.- Sentencia xudicial de separación ou divorcio, ou o convenio regulador onde conste a atribución da custodio do/da menor.

9.- Informe de servizos sociais.

7. – TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

Dende o departamento de Educación remitirase a proposta da resolución e correspóndelle ao órgano competente a resolución definitiva.

8.-PROCEDIMENTO E INSTRUCCIÓN PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS.

1.- O procedemento para a concesión das axudas de material escolar para o curso escolar 2020-2021, rexerose polo disposto nas presentes bases e no que non estea previsto nestas estarase ao disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo RD 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da referida Lei, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normativa vixente de xeral aplicación. A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS.

2.- A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, establecéndose como criterio de valoración a renda.

3.- A instrución do procedemento dependerá da Concellería de Educación, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

Nomearase unha Comisión de Valoración formada por unha persoa Presidenta, unha persoa Secretaria con voz pero sen voto e dúas persoas vogais. Esta Comisión de Valoración emitirá informe sobre as mesmas. En base a dito informe o Servizo instrutor formulará a proposta que, previo informe de Intervención, someteranse á aprobación pola Xunta de Goberno Local.

4.—A proposta será remitida á Intervención para súa fiscalización, que se realizará de acordo co

establecido nos apartados 18.1.A e 18.1.B da Resolución de 2 de xuño de 2008, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 30 de maio de 2008, polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos.

O control sobre o cumprimento de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social se realizará sobre a declaración responsable.

9.- RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

O acordo de resolución corresponderá á Xunta de Goberno Local. Non se terán en conta outros feitos e alegacións que os presentados polos interesados, polo que dito acordo será definitivo.

O prazo máximo para resolver será antes do 31 de decembro do antedito curso escolar, aprobado pola Xunta de Goberno Local.

O acordo de resolución será publicado no taboleiro do Concello, na páxina web e na súa sede electrónica. Transcorrido o prazo sen que recaia resolución, entenderase desestimada a solicitude de concesión de axuda, nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

10.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

- 1.- Destinar a subvencións aos fins para os que foi concedida.
- 2.- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.
- 3.- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- 4.- Cumprir as restantes obrigacións que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

11.- XUSTIFICACIÓN

Esta subvención se considera subvención concedida en atención a determinadas circunstancias no receptor de acordo co artigo 30.7 da Lei Xeral de Subvencións, non sendo precisas xustificacións adicionais as que constan na base sexta, sen prexuízo dos controis que no seu caso se realicen.

12.- PAGO E GARANTÍAS

O pago destas subvencións realizarase nun pago único pola totalidade do importe

concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

13. REINTEGRO

O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexerese polo disposto no título II da LGS e polo título III do RLGS.

14. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade: En cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do **Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPDP)**, relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPDP, informámoslle que os datos recadados, e que Vde. nos facilite e achegue a esta solicitude, serán incorporados a un **Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Servizos do Concello de Silleda**.

Lexitimación para o tratamento dos datos: As bases legais para o tratamento dos seus datos serán as contempladas no art. 6 da LOPDGDD, e estarán fundamentadas no **consentimento que vostede concede** ou no do seu representado ca cumprimentación da solicitude como solicitante da subvención ou axuda na que está interesado, podendo tamén selo o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable a este responsable ou a de protexer os intereses vitais do interesado ou de outra persoa física.

Cesión de datos: A solicitude, así como os documentos achegados, poderán ser cedidos ou consultados ante aquelas Administracións Pública ou ante outros Organismos competentes en materia de subvencións e axudas solicitadas, e polo que, **Vostede AUTORIZA e está sendo informado**, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á comprobación telemática por parte deste responsable con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas o cumprimento dos requisitos requiridos.

Pode consultar políticas de privacidade ou exercicio dos dereitos en:
<https://silleda.sedelectronica.gal/privacy.1>

En canto a **obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste**, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos pode presentar reclamacións ante a **Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>**, para tramitar os seus dereitos poderá exercelos presentando escrito no Rexistro Xeral deste Concello en **Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra** ou por vía mail a: **info@silleda.gal** ditas solicitudes deberán dirixirse a **Delegada de Protección Datos**, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique e/ou do seu representado.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑAN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2021-2022

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (Pai/Nai/Titor/Titora/Persoa acolledora)	
Nome e apelidos	
Enderezo	
DNI/NIE	
Teléfono/Correo-e	

DATOS DO/A FILLO/A/MENOR EN ACOLLEMENTO - PARA O/A QUE SOLICITA A AXUDA	
Nome e apelidos	
Idade	
Curso	
Centro	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Copia do vale concedido pola Xunta de Galicia
- Xustificante de compra, da librería, onde aparezan os libros e/ou material adquirido
- Copia do libro de familia
- Copia do DNI do solicitante
- Renda da unidade familiar 2020
- Acreditación dos ingresos netos de todos os membros da unidade familiar (só no caso de non

ter presentada declaración 2020)

Documentación acreditativa da situación de familia que mereza protección especial.

Volante de convivencia

Silleda,de de 2021

Sinatura:

Expediente 1118/2021. SUBVENCÍONS A DEPORTISTAS FEDERADOS/AS DO CONCELLO DE SILLEDA TEMPADA 2021-22

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o acordo plenario de data 29 de xullo de 2021 polo que se aprobaron as Bases Reguladoras para a concesión de axudas a deportistas individuais federados/as para a tempada 2021/2022.

Visto que ditas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra en data 9 de agosto de 2021 (BOP número 151).

Transcorrido un prazo de 30 días dende a publicación de ditas bases.

Visto o informe de Intervención número 055/2021

Visto o disposto no artigo 5 da Ordenanza Xeral de Subvención do Concello de Silleda, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primerio. Aprobar a convocatoria de ditas subvencións así como o anexo que se acompaña a continuación e que deberán de cubrir as persoas solicitantes acompañando a documentación que se especifica nas bases

Segundo. Autorizar o gasto por importe de 3.000 euros do vixente orzamento municipal con cargo á aplicación orzamentaria 341.48

Terceiro. Rexistrar a información a incluír na BDNS polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria, do seu extracto e dos seus datos estruturados. Tras rexistrar a información, a BDNS porá o extracto da convocatoria a disposición do Boletín Oficial de la Provincia para a súa publicación. Na publicación do extracto deberá constar o código de identificación que haxa asignado a BDNS á convocatoria.

O prazo para presentar as solicitudes será de 15 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, tal e como figura nas bases que se recollen a continuación.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS FEDERADOS/AS DO CONCELLO DE SILLEDA PARA A TEMPADA 2021/2022

O Concello de Silleda, consciente da importancia da práctica do deporte e dos seus valores, e na súa tarefa de fomentar as prácticas deportivas en todos os seus ámbitos, ven apoiando a distintos clubs, entidades e tamén deportistas a título individual, outorgando especial relevancia ao deporte base.

Ademais da práctica colectiva, vense constatando nos últimos anos un notable aumento de veciños e veciñas que a título individual están a destacar en diferentes disciplinas como deportistas federados/as. Co ánimo de axudar a este sector da poboación ao desenvolvemento da súa traxectoria, preséntanse estas bases.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece un novo marco de actuacións nesta materia, que resulta de aplicación ás Entidades Locais. Dispón no seu artigo 3 que as subvencións que outorguen as Entidades que integran a Administración Local rexeranse polas prescricións contidas nesta Lei, engadíndose no artigo 17.2 que as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do presuposto, a través dunha Ordenanza Xeral de Subvencións ou mediante unha Ordenanza específica para as distintas modalidades de subvención.

O Pleno do Concello, con data 27 de xaneiro de 2005, aprobou a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda, que ten por obxecto establecer as normas de carácter xeral ás que deben axustarse as correspondentes convocatorias.

Ó abeiro de tal Ordenanza, as presentes bases regulan, no ámbito territorial do Concello de Silleda, as axudas dirixidas a deportistas federados/as que cumpran os requisitos establecidos nas mesmas, coa finalidade de fomentar a práctica deportiva.

B A S E S

1)OBXECTO:

O obxecto destas bases é fixar as bases reguladoras das axudas económicas as e os deportistas individuais ou por parellas do concello de Silleda.

As axudas reguladas nestas bases buscan a potenciación do deporte, a promoción da práctica deportiva, a creación de canteiras de deportistas no Concello da Silleda tanto a curto como a longo prazo, impulsando ademais deste xeito formas de ocio alternativo.

2)FINANCIAMENTO:

O importe total que se dispón para o outorgamento das subvención a conceder será de 3.000€ (TRES MIL EUROS), que se destinará as solicitudes formuladas por deportistas federados/as, con cargo a partida orzamentaria 341-48 do orzamento municipal de Silleda para o exercicio de 2021.

3) ALCANCE:

Para os efectos destas bases considérase deporte de carácter individual ou por parellas todo aquel que, segundo a súa regulamentación, é practicado por unha ou dúas persoas deportistas como máximo.

As axudas destinaranse a fomentar e apoiar o deporte individual ou por parellas no Concello de Silleda, en tanto que representa un factor esencial no desenvolvemento deportivo, polo estímulo que supón para o deporte de base e pola súa función representativa nas competicións deportivas oficiais do máximo nivel e por estar dirixida á obtención dos máximos resultados, tanto a curto como a longo prazo, impulsando ademais deste xeito formas de ocio alternativo.

4) PERSOAS BENEFICIARIAS:

Poderán solicitar estas axudas:

-Deportistas federados/as que estean empadroadas no Concello de Silleda con anterioridade á aprobación destas bases.

-Competir nunha modalidade de maneira individual ou por parellas

-Estar en posesión dunha licenza deportiva vixente expedida por unha federación deportiva

-Non estar a cumprir unha sanción disciplinaria deportiva firme de carácter moi grave nin unha sanción administrativa firme en materia deportiva de carácter grave ou moi grave no momento da solicitude de recoñecemento nin durante o goce dos beneficios derivados

-Estar o corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estar o corrente cas obrigas coa Seguridade Social e co Concello de Silleda.

Non poderán optar a esta convocatoria aqueles/as deportistas que conten con subvención nominativa do Concello de Silleda no ano en curso.

5) LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As solicitudes dirixiranse ó Alcalde do Concello e presentaranse no Rexistro Xeral Municipal en horario de 9:00 a 14:00 ou no rexistro electrónico do Concello de Silleda, de conformidade co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en impreso normalizado de solicitude (ANEXO I) que estará dispoñible na sede electrónica <https://silleda.sedelectronica.gal> e na páxina web do concello www.silleda.gal. Serán rexeitadas as solicitudes que non se presenten en ditos modelos que serán aprobados xunto coa convocatoria.

O procedemento entenderase iniciado de oficio no momento no que polo órgano competente, que neste caso, e de acordo co artigo 21.1, é o Alcalde do Concello, e por delegación a Xunta de

Goberno Local, se aprobe a convocatoria da presente subvención. O prazo de presentación das solicitudes será de 15 días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria que se aprobe en aplicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra.

De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra.

De existir algún defecto na solicitude ou documentos adxuntos, seralle notificado ó interesado para que nun prazo de 10 días hábiles emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que en caso de non facelo así considerarase desistido na súa petición, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

6) DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

-Copia cotexada do DNI

-Modelo de solicitude (anexo I) debidamente cumprimentado e asinado polo/a deportista, sendo obrigatorio cubrir todos os apartados.

-Copia cotexada da licenza federativa en vigor.

-Certificado expedido pola correspondente federación onde se faga constar a participación e os resultados do deportista nas diferentes competicións, campionatos ou eventos nas últimas tempadas (Anexo II).

-Proxecto deportivo, a desenvolver durante o ano da solicitude, no que se incluírá:

* Data, lugar, número e duración das competicións.

* Nivel da competición (autonómica, nacional, internacional, ...)

-Orzamento de gastos e ingresos estimados para a tempada de referencia.

-Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos.

-Certificación de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.

5.1.8.- Declaración de axudas e/ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade indicando a contía das mesmas e declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003 (Anexo II).

7) CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES:

As solicitudes valoraranse segundo os seguintes criterios de valoración certificados polas correspondentes federación deportivas segundo anexo I, sendo a puntuación máxima por de 100 puntos.

a) Licencia federativa (ata un máximo de 10 puntos):

A licenza federativa será a correspondente ao ano 2021.

- Nivel nacional: 10 puntos.

- Nivel autonómico: 5 puntos.

b) Historial deportivo (ata un máximo de 40 puntos):

As probas que se avalían serán as correspondentes aos anos 2019, 2020 e 2021, avaliando os 5 mellores resultados de cada ano ata un máximo de 40 puntos.

- Campionatos de España ou superiores: 20 puntos

- Probas do calendario nacional ou campionatos Galegos: 10 puntos.

- Probas do calendario autonómico: 5 puntos

c) Convocatorias con seleccións autonómicas ou nacionais (ata un máximo de 20):

- Cada convocatoria con selección nacional: 10 puntos

- Cada convocatoria con selección autonómica: 5 puntos

d) Categoría da ou do deportista (ata un máximo de 10 puntos):

- Previa á absoluta sénior: 10 puntos

- Absoluta: 5 puntos.

- Resto de categorías: 1 puntos.

e) Por posesión de licenza deportiva feminina: 10 puntos

f) Licenza deporte adaptado: 10 puntos

8) IMPORTE MÁXIMO DAS SUBVENCIONES

O importe máximo de cada axuda será de 1.000 euros .

9) GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan da natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido.

O importe da subvención non poderá superar o 100% do custo previsto das actividades programadas, sen que en ningún caso, por sí mesma ou en concurrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo efectivo da actividade desenvolada.

Se da xustificación presentada polo beneficiario se deduce que o importe subvencionado polo Concello supera este porcentaxe, procederáse á redución proporcional do importe da subvención.

Serán subvencionables os seguintes gastos:

- Adquisición de material deportivo
- Gastos de desprazamento para participar en competicións
- Pago adestradores, fisioterapeutas...
- Dietas campionatos

E aqueles relacionados coa práctica deportiva do/a deportista subvencionado/a

Non serán gastos subvencionables:

- Os xuros debedores de contas bancarias.
- Os xuros, recargos e sancións administrativas.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

10) ÓRGANO COMPETENTE E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN:

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución, será a Concellería de Deportes.

O órgano instrutor do procedemento será o encargado de requirir aos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Así mesmo, requirirá á Tesourería municipal certificado de que os deportistas solicitantes estean ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Silleda. Elaborarase un informe de cada unha das solicitudes presentadas nas que se farán constar:

- a) Nome do deportista, disciplina deportiva e modalidade da subvención e/ou contía máxima á que opta.
- b) Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso.
- c) Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra de ser o caso.

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuarase por unha Comisión de Valoración constituída polo Concelleiro/a delegado/a de Deportes que a presidirá e o técnico municipal de deportes, ademais dun funcionario/a municipal que actuará tamén como Secretario da Comisión de Valoración.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

11) PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS

O acordo de resolución será publicado no taboleiro do Concello, na páxina web e na súa sede electrónica. Transcorrido o prazo sen que recaia resolución, entenderase desestimada a solicitude de concesión de axuda, nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

12) OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS:

- 1.- Destinar a subvencións aos fins para os que foi concedida.
- 2.- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.
- 3.- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- 4.- Cumprir as restantes obrigacións que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- 5.- Os deportistas individuais subvencionados ao abeiro destas bases quedarán obrigados a:
 - a) Colaborar, se é o caso, co Concello de Silleda naqueles programas deportivos que organice cando lle sexa requirido, para os efectos de promoción deportiva.
 - b) Facer constar na súa publicidade cos logos oficiais, o patrocinio do Concello de Silleda.
 - c) Dar publicidade da recepción destas axudas, a través das canles de comunicación dos deportistas.
 - d) Cumprir coa Lei Antidopaxe vixente, e se o Concello o considera pertinente, o beneficiario deberá de acreditar o cumprimento mediante informe ou certificado médico, e en todo momento cas regras e valores de Xogo Limpo publicadas polo Consello Superior de Deportes.
 - e) Achegar informe do desenvolvemento da súa actividade deportiva sempre e cando lle sexa requirido pola Concellería de deportes.

13) CONTA XUSTIFICATIVA E PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS:

As persoas beneficiarias deberán xustificar a aplicación da subvención como data límite antes do 31 de xullo de 2022.

A xustificación deberá incluír a seguinte documentación:

1º Conta xustificativa simplificada.

- Memoria.
- Relación clasificada de gastos.
- Detalle doutros ingresos ou subvencións.

2º Documentos acreditativos dos gastos realizados.

3º Declaracións e certificados.

A continuación se detalla o contido dos distintos documentos.

1º Conta xustificativa simplificada.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da **conta xustificativa simplificada**, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

De conformidade co artigo 75 do DECRETO 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia esta se presentará co seguinte contido:

- a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar, de ser o caso, o disposto no artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia.
- b) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue de acordo cun orzamento estimado, indicaranse as desviacións producidas.
- c) Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.
- d) Se é o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

2º Documentos acreditativos dos gastos realizados.

1.- Os gastos en bens e servizos se acreditarán mediante facturas regulamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil. Poderán presentarse orixinais ou fotocopias compulsadas..

A presentación de copias compulsadas seguirá o seguinte procedemento:

- 1º. A factura orixinal será compulsada no Concello de Silleda.
- 2º. No momento da compulsada o funcionario encargado da mesma realizará a correspondente dilixencia, que constará en ambos documentos (na factura orixinal e na copia)
- 3º. Poderase incluír na dilixencia un importe inferior ao total da factura, co obxecto de que parte

da mesma xustifique esta subvención e o importe restante se use para xustificar outras subvencións.

As facturas deberán emitirse a nome da persoa beneficiaria e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1.496/2003 polo que se regulan as obrigacións de facturación.

A xustificación da subvención incluírá en todo caso a acreditación do pago correspondente. Non se admitirán pagos en efectivo por importe superior a 1.000 euros.

Só se admitirán xustificantes relativos a gastos necesarios para a realización da actividade subvencionada.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos:

- Facturas onde non consten claramente os conceptos obxecto da subvención.
- Facturas que conteñan conceptos non subvencionables
- Facturas que non veñan presentadas en tempo e forma.
- As cantidades satisfeitas ao Concello por calquera concepto.

3º Declaracións e certificados.

- Declaración responsable de non ter recibido outras axudas
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

O importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos non xustificadas correctamente.

O pago da subvención efectuarase mediante ingreso na conta sinalada polos beneficiarios trala aprobación da xustificación.

14) RÉXIME SANCIONADOR

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e no artigo 40 do Real Decreto Lexislativo2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, e demais normas concordantes

15) RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

16) TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade: En cumprimento da Lei Orgánica3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do **Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPDP)**, relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPDP, informámoslle que os datos recadados, e que Vde. nos facilite e achegue a esta solicitude, serán incorporados a un **Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Servizos do Concello de Silleda**.

Lexitimación para o tratamento dos datos: As bases legais para o tratamento dos seus datos serán as contempladas no art. 6 da LOPDGDD, e estarán fundamentadas no consentimento que vostede concede ou no do seu representado ca cumprimentación da solicitude como solicitante da subvención ou axuda na que está interesado, podendo tamén selo o cumprimento dunha obrigação legal aplicable a este responsable ou a de protexer os intereses vitais do interesado ou de outra persoa física.

Cesión de datos: A solicitude, así como os documentos achegados, poderán ser cedidos ou consultados ante aquelas Administracións Pública ou ante outros Organismos competentes en materia de subvencións e axudas solicitadas, e polo que,

Vostede AUTORIZA e está sendo informado, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á comprobación telemática por parte deste responsable con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas o cumprimento dos requisitos requiridos.

Pode consultar políticas de privacidade ou exercicio dos dereitos en <https://silleda.sedelectronica.gal/privacy.1> ,en canto a obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos pode presentar reclamacións ante a **Autoridade de Control** <https://www.aepd.es/> , para tramitar os seus dereitos poderá exercelos presentando escrito no Rexistro Xeral deste Concello en Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540)Pontevedra ou por vía mail a: info@silleda.gal ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique e/ou do seu representado.

O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

O que se fai público os efectos oportunos.
Documento asinado dixitalmente á marxe
O Alcalde

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

1.DATOS DE IDENTIFICACIÓN

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE:	
D.N.I.	
ENDEREZO	
LOCALIDADE:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO	MAIL:

2.ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS

ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS PARA A TEMPADA 2021/2022	
CONCEPTO DE GASTOS:	IMPORTE
TOTAL GASTOS:	
CONCEPTO DE INGRESOS:	IMPORTE
TOTAL INGRESOS:	

Declaro que:
-Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
-Acepto expresamente as Bases da convocatoria de subvención.

LUGAR E DATA:	SINATURA
En _____ a _____ de _____ do 2021	

ANEXO II

3.DATOS DEPORTIVOS

PARTICIPACIÓN E RESULTADOS EN COMPETICIÓN, CAMPIONATOS OU EVENTOS NAS ÚLTIMAS TEMPADAS 2019/2020/2021
DISCIPLINA DEPORTIVA:
CATEGORIA NA QUE PARTICIPA:

CAMPIONATOS OU ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPOU NAS ÚLTIMAS TEMPADAS	RESULTADOS:
1.	
2.	
3.	
4.	
5.	
6.	
7.	
8.	
9.	
10.	
FEDERACIÓN DEPORTIVA A QUE PERTENCE:	TELÉFONO
	MAIL:

4. PROXECTO DEPORTIVO

PROXECTO DEPORTIVO A DESENVOLVER DURANTE O ANO DA SOLICITUDE 2021/2022				
DATA	LUGAR	NÚMERO	DURACIÓN	NIVEL (AUTONÓMICO, NACIONAL, INTERNACIONAL)

Declaro que: -Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. -Acepto expresamente as Bases da convocatoria de subvención.	
LUGAR E DATA: En _____ a _____ de _____ do 2021	SINATURA

ANEXO II
DECLARACIÓN

SOLICITANTE: _____
D.N.I. _____

BAIXO RESPONSABILIDADE DECLARO:

NON solicitou NIN recibiu ninguna outra axuda ou subvención pública ou privada para a mesma finalidade.

Ten solicitado e/ou concedidas outras axudas e subvencións públicas ou privadas para a mesma finalidade.

Axudas solicitadas:		€
		€
		€
Axudas concedidas:		€
		€
		€

A) Que non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

E para que así conste, asino a presente

En Silleda a _____ de _____ de 2021.

Expediente 742/2021. Subvencións por Concorrenza Competitiva. AXUDAS A ESTABLECEMENTOS DO SECTOR HOSTALEIRO, PARALIZADOS POLA CRISE DA COVID-19

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da Comisión de Valoración dos correspondentes expedientes de solicitude de subvencións do programa AXUDAS A ESTABLECEMENTOS DO SECTOR HOSTALEIRO, PARALIZADOS POLA CRISE DA COVID-19 de acordo co establecido nas bases do programa, aprobadas por acordo plenario de 27 de maio de 2021, e publicadas no BOP de 9 de xuño de 2021.

En vista do anterior e dos informes que constan no expediente, e tendo en conta que non constan neste momento resolución declarativa da procedencia de reintegro da subvención ou da perda do dereito ao cobro da mesma por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral

Concello de Silleda

de Subvencións nin medida cautelar, de ningún tipo.

Visto que a relación de persoas/entidades que se relacionan a continuación presentaron a documentación requerida segundo Resolución da Alcaldía

Visto o informe de Intervención ao respecto

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro. Aprobar a concesión e aboamento das seguintes subvencións, de acordo coas bases reguladoras, por importe de 1.200 euros cada un e un total de 3.600 euros de acordo co seguinte:

Nº	Nome e apelidos persoa solicitante	DNI/NIF	Importe €
1	Borja Silva Gerpe	XXX	1.200,00
2	Beatriz Fernández Mato	XXXX	1.200,00
3	Turismo Gallego Medioambiental S.L.	XXXX	1.200,00

Segundo. Requerir as persoas/ entidades receptoras a achega, nun prazo máximo de dous meses, as facturas e os seus xustificantes bancarios de pago por un importe igual ou superior a cantidade da subvención percibida que se correspondan con gastos realizados e pagados no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e ata o 30 de novembro de 2021.

Dito requirimento se fai de conformidade co Acordo de Xunta de Goberno Local de 26 de agosto de 2021, polo que se establece o procedemento de control específico no marco das Bases reguladoras de axudas a establecementos do sector hostaleiro, paralizados pola crise da COVID-19. A documentación deberá presentarse segundo o Anexo I de dito acordo e o incumprimento de dita obriga será causa de reintegro.

Terceiro. Dar traslado a Intervención así como ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Expediente 1604/2021. Servizos Sociais - Solicitud de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada en data 7 de setembro de 2021, por Don L.H.P.P. e concesión dunha axuda de emerxencia social polo importe de 660€ para o pago de tres mensualidade de aluguer do presente ano 2021, por carecer de ingresos económicos suficientes para facer fronte ós gastos derivados de vivenda.

Visto que segundo informa a Traballadora Social Uxía Fernández Batán, en data 14 de setembro de 2021, o interesado reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda ACORDA:

Primeiro.- Conceder a L.H.P.P. unha axuda de emerxencia social na tipoloxía de gastos derivados do custo de vivenda co fin de evitar o de evitar o desafiuzamento e asegurar por tanto a cobertura das necesidades básicas do menor.

Segundo.- Comunicar á persoa interesada a obriga que asume de destinar o importe das prestacións para as finalidades que foron outorgadas.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 1636/2021. Prestacións Económicas de Servizos Sociais

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada en data 15 de setembro de 2021 por D^a G.A. , de concesión dunha axuda de emerxencia social polo importe de 98,00€ para o pago de adquisición de gafas para seu fillo, por carecer de ingresos económicos suficientes para facer fronte ó pago dunhas gafas prescritas para seu fillo.

Visto o informe da traballadora social M^a Celia Gonzalez Peteiro, de data 17 de setembro de 2021, a solicitante reúne todos os requisitos establecidos nas Ordenanzas Reguladoras das Axudas de Emerxencia Social deste Concello.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda ACORDA:

Primeiro.- Conceder a G.A. unha axuda de emerxencia social na tipoloxía de gastos de adquisición de gafas para seu fillo

Segundo.- Comunicar a persoa interesada a obriga que asume de destinar o importe da prestación a finalidade para o que foi otorgada.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ó departamento de intervención para que efectúe o pago da axuda concedida.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE